

9.10 6029 (11/POP-000757)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Consellería do Mar dos TAC e cotas de pesca inicialmente propostos pola Comisión Europea para o ano 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 09.12.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

**Acordo do Tribunal cualificador do concurso para a provisión por promoción interna dun posto de administrativo do Parlamento de Galicia polo que se fai publica a puntuación provisional acadada polo único aspirante na fase de concurso.**

Por acordo da Mesa do Parlamento do 8 de xullo de 2019 convocáronse probas selectivas para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e aprobáronse as bases reguladoras.

O tribunal cualificador, na súa reunión do 16 de decembro de 2020, procedeu á valoración dos méritos do único aspirante do posto ao que concorre, e que se relaciona a continuación:

Nome e apelidos:	Puntuación total da fase do concurso:
Teodoro García Rodríguez	10,5 puntos

De conformidade coa base sexta, apartado segundo, punto terceiro, acordouse a súa publicación. O aspirante dispón dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para formular reclamacións, dirixidas ao tribunal cualificador.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2020

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Presidente do tribunal

